



Programa de acollida - IES Agra de Raíces

Curso 2020-2021

1. Introducción

O contexto epidemiolóxico e sanitario actual, motivado pola incidencia do Coronavirus na nosa Comunidade Autónoma, obrigou á interrupción da modalidade ordinaria de ensino presencial e impulsou a elaboración e execución de cambios substanciais no desenvolvemento das actividades lectivas correspondentes ao terceiro trimestre do curso 2019-2020. Ditas modificacións quedaron establecidas nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, co obxecto de que os centros e o profesorado organizasen plans de recuperación e adaptacións do currículo oficial, así como das actividades educativas para o curso 2020-2021. A finalidade destes cambios residía na flexibilización e adaptación dos obxectivos, os contidos, os estándares de aprendizaxe imprescindibles e a metodoloxía para permitir o avance e seguimento do alumnado, especialmente de aquel que presentaba maiores carencias ou dificultades.

A Orde EFP/561/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e desenvolvemento do curso 2020-2021, establece que as administracións educativas adoptarán as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións ou interrupcións temporais das actividades lectivas presenciais. Asimesmo, o Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 fixa as medidas preventivas que deben poñerse en marcha co obxectivo de protexer á comunidade educativa e de minimizar o risco de contaxios. Ditas pautas forman parte das Instrucións para adaptar a programación do curso 2020-2021 ás condicións sanitarias actuais, tendo especialmente en conta o transcurso do último trimestre do período lectivo 2019-2020 e a posibilidade de alternancia de determinados momentos de docencia presencial con outros de ensino a distancia.

Por todo iso, as Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas que se deben asumir no curso académico 2020-2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establecen a creación dun Programa de acollida que quedará descrito neste documento e que se poñerá en práctica nas dúas primeiras semanas do curso.

2. Xustificación



A suspensión da actividade lectiva presencial a partir do 13 de marzo de 2020 ata a finalización do curso 2019-2020 conlevou unha alteración notable non só na planificación ordinaria do último trimestre, senón tamén na brusca adaptación de medios e modos de traslación e asimilación das aprendizaxes imprescindibles que facilitasen a evolución académica do alumnado, evitando que a fenda dixital o perxudicase.

A presenza actual da COVID na nosa Comunidade Autónoma obriga a plantexar o curso 2020-2021 de xeito excepcional, como un proceso flexible que debe aunar, a través de plans de reforzo e recuperación, a materia non impartida durante o terceiro trimestre do curso anterior coa do presente período lectivo. Pero, ademais, é necesario preparar ao alumnado para asumir coa maior rapidez posible os cambios que se operarán no centro desde o punto de vista da súa organización e funcionamento, así como as medidas de prevención, hixiene e protección que é preciso aplicar.

Asimesmo, convén desenvolver accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado, como exercicio preparatorio para potenciais momentos de ensino non presencial que poden ter lugar durante o presente curso. Finalmente, a pandemia e a situación de confinamento que a nosa comunidade educativa tivo que experimentar provocou en moitos fogares importantes alteracións sociais e emocionais que é preciso axudar a paliar a través de actividades grupais que fomenten a cohesión e a unidade, impulsando a acollida do alumnado tanto no centro educativo, coma no seo dunha sociedade que inaugura unha nova normalidade.

3. Obxectivos

3. 1. Obxectivo xeral:

a) Facilitar a integración do alumnado na nova dinámica escolar, tendo en conta as circunstancias especiais xeradas pola COVID-19.

3. 2. Obxectivos específicos:

a) Contribuír á consecución do éxito educativo por parte de todo o alumnado.

b) Facilitar aos estudantes o tránsito dun curso ao seguinte, facendo especial fincapé non só no rendemento académico, senón tamén na atención ás particularidades sociais e emocionais derivadas das consecuencias da COVID-19.

c) Favorecer a integración do novo alumnado no centro.

d) Fomentar o coñecemento mutuo entre profesores e alumnos.



e) Crear canles de comunicación e participación con distintos membros da comunidade educativa.

f) Incidir no sentimento de pertenza do alumnado ao centro, creando un clima favorable que mellore as relacións e o sentimento de unidade do grupo.

g) Ofrecer a información necesaria para que os/as estudantes coñezan o contexto especial e as medidas que han de asumir para desenvolver o presente curso lectivo coa maior seguridade e índice de protección posibles.

4. Actuacións

4. 1. Actividades informativas sobre as novas normas de organización e funcionamento do centro:

a) Reunión entre a Xefatura de Estudos, o Departamento de Orientación e os titores de cada curso co obxectivo de:

- informar a estes últimos dos datos recollidos sobre o novo alumnado;
- planificar e programar posibles estratexias para a superación de dificultades académicas, conductuais e de convivencia;
- achegarlles as normas de actuación do centro no tocante ás medidas de obrigado cumprimento por parte de toda a comunidade educativa para a prevención da COVID-19.

b) Recepción do alumnado por parte dos/as titores/as, onde estes informarán claramente ao grupo das accións que se levarán a cabo para o correcto desenvolvemento da actividade lectiva presencial, incidindo na necesidade de colaboración e estricto respecto á normativa que se lle presenta e a todas cantas medidas de hixiene e protección se lles indiquen polo ben de toda a comunidade educativa.

c) Sesións iniciais de titoría con actividades de concienciación sobre a importancia do seguimento rigoroso das normas e medidas adoptadas:

- coñecemento do centro e das aulas ou outras dependencias nas que o alumnado ha de moverse, así como das regras de funcionamento e convivencia que han de manterse nelas;
- insistencia na necesidade de minimizar os desprazamentos, evitando aqueles que sexan innecesarios, e respectando, cada vez que sexa posible, a distancia mínima interpersonal de 1,5 metros;



- asimilación das novas normas organizativas do instituto e das medidas preventivas adoptadas que se entregarán por escrito e que ocuparán un lugar visible na aula para a súa rápida consulta e identificación;
- lectura e razonamento co grupo de cada unha das normas e medidas propostas para que se efectúe con eficacia a súa asimilación e todo o alumnado comprenda a importancia de manter e salvagardar estas directrices;

d) Promoción e difusión a toda a comunidade educativa do centro da normativa e das medidas preventivas para a infección do COVID-19 a través da páxina web e da presenza de cartelería, así como de outras circulares informativas, nas aulas, aseos e outros espazos de uso común do instituto.

e) Atención telefónica para a aclaración de dúbidas a este respecto a aquelas familias que non dispoñan de medios tecnolóxicos para o acceso á información publicada sobre este particular na páxina web do centro ou descoñezan o manexo destes recursos multimedia.

4. 2. Actividades globalizadas sobre as actuacións de prevención, hixiene e protección:

a) Fixación de cartelería informativa nos accesos ao centro, corredores, escaleiras, aseos, aulas e zonas de recreo, indicando claramente as medidas preventivas que se han de seguir, xunto co recordatorio sobre o respecto da distancia de seguridade e a sintomatoloxía da COVID.

b) Supervisión e vixilancia por parte do profesorado de garda, de aula e dos membros do Equipo COVID no tocante ao respecto ás normas establecidas tanto nas entradas e saídas do centro, coma nos desprazamentos entre clases, nos recreos e no acceso ás aulas, velando polo correcto cumprimento das medidas establecidas:

- Acompañamento do profesorado de garda e dos membros do Equipo COVID ao alumnado no acceso escalonado ao centro e ás clases respectivas, evitando as aglomeracións e a formación de grupos.
- Recepción por parte do profesorado de aula ao alumnado nas clases correspondentes, cerciorándose de que cada un hixenice debidamente as mans na entrada e leve correctamente posta a mascarilla.
- Recordatorio ao alumnado en clase da necesidade de manter a distancia de seguridade, non compartir material escolar con outros/as compañeiros/as e depositar na papeleira con pedal calquera material desbotable que empreguen.
- Acceso escalonado ao recreo e reparto do alumnado por zonas (ximnasio, pavillón, pistas deportivas, espazo anexo á entrada principal e aula de



lecer), sempre baixo a supervisión e coordinación do profesorado de garda. O alumnado de 1º e 2º ESO interromperá as clases previas a cada recreo cinco minutos antes para desprazarse de maneira anticipada aos lugares que lles foron asignados, evitando coincidencias no tempo co resto dos cursos. Ademais, estará acompañado polo/a profesor/a co que teña clase nese momento ata que chegue a persoa de garda. Ao remate do recreo, desenvolverase a mesma dinámica.

- Presenza do persoal de garda nos intercambios de clase para evitar a saída do alumnado aos corredores e para velar polo respecto da distancia de seguridade nos cambios de aula.
- Recordatorio específico nos aseos sobre a correcta hixiene que ha de mantense e da necesidade de respectar escrupulosamente o aforo permitido neles.

c) Potenciación do uso de notas informativas, infografías e mecanismos de sinalización que fomenten a comprensión e cumprimento das medidas adoptadas, mantendo esta información actualizada en todo momento.

d) Insistencia por parte de todo o profesorado na necesidade de colaboración do alumnado na hixiene e desinfección do seu espazo de estudo, rematando as súas clases uns intreos antes para que cada estudante limpe a súa mesa de traballo e extremando esta medida nos momentos de cambio de aula.

e) Deseño de actividades de educación para a saúde que conciencien ao alumnado sobre a importancia de converterse en axentes activos na mellora non só da súa saúde, senón tamén na incidencia positiva destas condutas no benestar da comunidade educativa. Estas actividades desenvolveranse ao longo de todo o curso de maneira transversal e formarán parte específica dos programas de algunhas materias, como Promoción de estilos de vida saudables, Valores Éticos ou Coeducación para o século XXI.

f) Creación de iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable. Diseñaranse nas primeiras semanas de curso, en colaboración co alumnado, e a súa aplicación terá lugar durante o resto do período lectivo 2020-21. Estes proxectos levaranse a cabo a través do Club de Letras, dedicado este curso ao “Coidado como contido coeducativo”, dos Proxectos que vén realizando o centro nos últimos anos e das campañas promovidas pola Biblioteca Escolar, que formulou nas “Liñas prioritarias de actuación para o curso 2020-2021” a súa intención de desenvolver un proxecto interdisciplinar de carácter medioambiental, saudable e bioclimático sobre os cambios producidos na nosa contorna arredor destes tres piares, que permita propoñer solucións e levar a cabo iniciativas de mellora, con colaboración con algunhas institucións da zona.



4.3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial:

a) Implantación do programa Edixgal en todas as materias de 1º ESO:

- Asesoramento do coordinador Edixgal ao profesorado que impartirá clase en 1º ESO sobre o manexo e potencialidades do programa, así como resolución das súas dúbidas ao respecto.
- Participación do profesorado de 1º ESO e do resto dos/das docentes interesados/as nun curso sobre o emprego e utilidades do programa Edixgal durante o mes de setembro, ademais do compromiso de realización de xornadas formativas similares por parte do profesorado que non as efectúe a comezos do período lectivo 2020-2021.
- Desenvolvemento a cargo dos docentes de 1º ESO de sesións de índole práctica durante o mes de setembro cos seus respectivos grupos sobre a utilización do programa Edixgal e dos recursos que ofrece nas distintas materias, para garantir a correcta aproximación e asimilación dos mesmos por parte da totalidade do alumnado de 1º ESO.

b) Actualización da aula virtual do centro a mans do Equipo Abalar e colaboración de todo o claustro de profesores/as na súa posta en funcionamento para o curso 2020-2021:

- Durante o mes de setembro, habilitaranse os cursos que han de integrar a aula virtual, así como os/as usuarios/as correspondentes ao alumnado e o profesorado.
- O Equipo Abalar facilitará ao resto do profesorado a información necesaria sobre o manexo da aula virtual e do procedemento a seguir para a inscrición do seu alumnado nos distintos cursos e materias.
- Durante os primeiros días de clase, os/as titores/as asesorarán, solventarán dúbidas e axudarán aos seus respectivos grupos a matricularse na aula virtual e no curso e materias que lles correspondan. De ser posible, empregaranse as aulas de informática do centro para realizar esta xestión, de maneira que cada titor/a poida cerciorarse de que a totalidade dos membros do seu grupo realizou con eficacia esta tarefa.
- Todo o profesorado do centro asegurárase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e materia na aula virtual, así como a metodoloxía que se empregará no caso de que se produzan momentos de ensino a distancia ao longo do período lectivo 2020-2021. Para iso, dedicará o tempo necesario durante o mes de setembro á revisión e manexo dos principais recursos que ofrece a aula virtual e que serán empregados durante a modalidade de ensino non presencial, de ser o caso.



Ademais, repasaranse co alumnado as técnicas básicas de procesamento e edición de textos, así como de envío de documentos adxuntos a través da aula virtual e do correo electrónico, especialmente no caso dos/as estudantes dos primeiros cursos da ESO.

c) Manexo doutros recursos multimedia e materiais dixitais, tanto na modalidade de ensino presencial, como a distancia:

- Aqueles/as profesores/as que vaian empregar, ao longo do curso 2020-2021, libros dixitais ou outros recursos electrónicos no desenvolvemento das súas clases e na súa metodoloxía co alumnado ensinarán aos seus grupos o funcionamento dos mesmos durante o mes de setembro. Explicitarán claramente cal será a dinámica de traballo e en que momentos do curso se utilizarán estes medios, de maneira que se potencie desde o principio a autonomía do alumnado, fundamentada no coñecemento do ritmo de clase e dos materiais empregados.
- Potenciación do traballo colaborativo e de investigación a través do emprego dos distintos recursos web nalgunhas das tarefas encomendadas ao alumnado. Estas dinámicas fortalecerán non só a súa competencia dixital, senón tamén outras como as sociais e cívicas, Aprender a aprender e o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao axudar aos estudantes a discriminar e organizar a información, desenvolver o seu xuízo crítico, asumir distintos roles no equipo de traballo, chegar a un consenso na toma de decisións e contribuír á súa formación integral como individuos e como grupo.

4. 4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión:

Durante as primeiras semanas de setembro, realizarase co alumnado de cada curso unha serie de actividades que fomenten as súas cualidades individuais e interpersoais, fortalecendo a súa autoestima e a solidez do grupo ao que pertencen, para axudar aos rapaces/zas a afrontar os cambios sociais precipitados pola aparición e as consecuencias da COVID.

4. 4. 1. Actividades grupais de acollida e cohesión para 1º ESO:

a) A autoestima (*O diario de Greg*)

Pártese da sinopse deste texto para reflexionar logo sobre os temas que plantexa e que inciden directamente na autoaceptación do alumno como base da felicidade e motor da superación persoal. Ao longo da actividade, iranse lendo ou visualizando determinados fragmentos da película para convidar ao grupo a verbalizar a súa opinión ao respecto e a centrar a atención na súa dimensión única como seres humanos e como colectivo.



“Greg é un rapaz de once anos que detesta a escola. Parécelle un lugar cruel e está continuamente fraguando plans para subir na escala de popularidade que, segundo el, divide ao alumnado. Pensa que, se gusta aos demais, conseguirá ser aceptado e incluso chegar a atoparse entre os máis destacados. Non obstante, o seu mellor amigo, Rowley, non ten esas preocupacións e será quen lle dea un lección ao respecto”.

O monólogo: É o primeiro día de clase despois das vacacións e Greg reflexiona sobre os motivos do seu rexeitamento cara a educación secundaria.

“Só lles direi, para que conste, que creo que a secundaria pode ser a cousa máis imbécil que se inventou. Hai rapaces coma min, que aínda non pegamos o estirón, misturados con gorilas que teñen que afeitarse dúas veces ao día [...] Son máis baixo que o 95% dos rapaces do meu cole, así que grazas a Deus que está Chirag Gupta. É un excelente escudo entre eses idiotas e eu. De verdade, non sei que lles pasou a estes rapaces no verán... Sería un accidente nuclear? Un experimento científico fallido? Grazas a Deus tamén hai rapaces normais, se non, isto sería unha caseta de monstros de feira... Se es tan esixente coma min, pode custarche decidir onde sentarte no teu primeiro día de secundaria. Un paso en falso e cargas con algún idiota o resto do ano. Recordades que vos dixen que Rowley non estaba preparado para a secundaria? Pois xa o vedes...”

Unha persoa que se desvive por ser popular é escrava das opinións dos demais. Buscar a popularidade convértenos en seres incoherentes: necesitamos ser distintos en cada ambiente, dependendo das persoas coas que esteamos, transformándonos en veletas que se moven ao son das crenzas dos demais sobre nós. O resultado deriva nun gran nivel de ansiedade.

En cambio, as consecuencias de estimarse a un mesmo presentan un escenario moito máis favorable:

1) Quererte como es faite independente. Cando te desprendes das cadeas que te atan ás opinións dos demais, podes centrarte libremente no que te fai feliz. Ás veces, coincidirá co que a outros lles gusta e outras veces, non; pero iso non te deterá.

2) A carreira pola popularidade deixa de ser interesante. Xa non se trata de chegar primeiro, senón de correr como a ti che guste. Deixas de ver aos demais como competidores e achégaste a eles como compañeiros con talentos distintos aos teus, a quen podes axudar, de igual maneira que eles te complementan a ti.

3) Gañas en seguridade e confianza en ti mesmo, non só porque te coñeces e actúas con fidelidade á túa personalidade, senón tamén porque os demais te queren por como es.

4) Cresces en madurez porque es máis realista. Sabes ata onde podes chegar, non temes pedir axuda, consolidas as túas habilidades e contemplas o fracaso como unha oportunidade de aprendizaxe.



ACTIVIDADES

1. Acabades de ler que quere dicir ter autoestima. Agora propoñede entre todos tres exemplos de situacións ou accións nas que unha persoa mostra una axeitada autoestima. Podedes plantexar casos reais de xente que coñezades. Para iniciar esta actividade, pódese traer a colación algún personaxe da obra ou dos fragmentos visualizados.

2. As seguintes oracións están escritas desde o punto de vista dunha persoa con baixa autoestima. Reformuládeas entre todos para que teñan un cariz positivo e denoten unha autoestima sana:

a) Obtiven unha mala nota no exame de Matemáticas. Seguro que xa non aprobo a materia. Todo me sae mal.

b) Unha amiga non contesta ás mensaxes que lle envío. Non quere falar comigo. Seguro que fixen algo malo, está enfadada e agora falará mal de min aos demais.

c) Un grupo de rapaces riuse cando pasei. Todo o mundo se burla de min.

d) A profesora explicou o exercicio e non o entendín. Todos o entenderon á primeira menos eu.

e) Nun partido de baloncesto, eu estaba en posesión do balón cando faltaba pouco para o final e estabamos empatados. Lancei, pero non conseguín encestar. Perdemos pola miña culpa.

3. Nun momento da película, Rowley dille a Greg: “Miña nai díxome que sexa eu mesmo, que así conseguirei gustar aos demais”, ao que Greg responde: “Iso funcionaría se foses outra persoa”. Que lle contestariades vós a Greg?

4. Imaxinade que Rowley, dentro duns anos, mantén co seu curmán pequeno a mesma conversa que tivo Greg con seu irmán Rodrick o primeiro día de clase en Secundaria (ler ou ver a pasaxe cinematográfica correspondente) e lle proporciona unha serie de consellos para sobrevivir no instituto. Agora, comparade as pautas que lle dá Rowley a seu curmán coas de Rodrick a Greg e valorade a importancia e a influencia destas afirmacións.

CONSELLOS DE ROWLEY	CONSELLOS DE RODRICK

Observacións: Nesta actividade, os/as alumnos/as deben comprender que, moitas veces, hai xente maior ca eles que realiza determinadas afirmacións con moita seguridade, cuando en realidade se trata de erros manifestos. Neses casos, é posible que un aprenda da experiencia e lles dea a outras persoas consellos máis sabios e razoables.



b) A importancia do grupo (“A aldea que se derrumba”)

Lectura en grupo e en voz alta do seguinte texto:

“A aldea que se derrumba”

Era unha aldea encantadora, desas que están entre as montañas. Quedaban uns poucos habitantes que, en xeral, se levaban ben.

Na porta da casa, estaban escritas as habilidades que cada veciño tiña e, a xulgar polas listas, que eran tan longas, a xente desa aldea debía de valer moito. Pero o pobo estaba cada día máis estropeado... As fachadas das casas estaban moi deterioradas a causa do mal tempo... Un día, caeu o poste de teléfono e cando cada persoa pasaba, dicía: “Xa o amañará outro”.

Pouco despois, o xeo rompeu as cañerías e os veciños dicían: “Xa o amañará outro. Eu non son o encargado”.

As rúas estaban inundadas de auga e os veciños dicían: “Que lástima! Non haberá ninguén que o amañe?”

Pouco a pouco, foron rompendo as tellas, as casas estaban cheas de humidades..., e todo porque ningún dos carteis poñía que un deles tiña a habilidade de reparar tellados.

No se podía pasar por algunhas rúas... As casas, as cercas, as fontes, todo estaba medio afundido. Ata os carteis das vivendas estaban esnaquizados. Un día, atopáronse todos os veciños na praza e discutiron sobre o mal estado en que estaban cada un deles. Narraron as súas desgracias, as que estaban sufrindo polo abandono.

Pasou algún tempo e alguén propuxo a idea de amañar as casas asociándose, e comenzaron todos a axudar xuntos, reparando pouco a pouco cada desperfecto. A auga correu de novo pola fonte e puxeron un cartel que dicía: “Auga, corre sempre pola fonte sen mancharte co noso abandono”. Levantaron todos os carteis das casas e escribiron: “Axudarás sempre aos teus veciños a construír cada día un pobo novo e unido”.

E todo volveu á normalidade... un pobo fermoso...

ACTIVIDADES

Reflexión en grupo arredor das seguintes preguntas:


- 1) Quen son os personaxes?
- 2) Que fan pola súa aldea?
- 3) Que ocorrería se non se puxesen todos a colaborar?
- 4) Como podemos aplicar esta ensinanza á nosa vida e á nosa clase?

4.4.2. Actividades grupais de acollida e cohesión para 2º ESO:

a) O parte meteorolóxico da túa vida.

Que tempo fai na túa vida? Fixécheste algunha vez esta pregunta? Convídate a que comprobemos os cambios climáticos que se dan na túa vida. Aquí tes diversos estados que suceden a miúdo na vida dun ser humano. Tal vez te sintas identificado con algún deles:

- **Tempo favorable.** O teu tempo é excelente, soleado. Ás veces, fórmanse pequenas nubes illadas; pero, en xeral, o ceo que cobre a túa vida está despexado. Todo isto fai que te sintas radiante contigo mesmo e coas persoas que te rodean.



- **Nubosidade variable.** Algunhas nubes grises «aletean» sobre a túa vida. Non obstante, es capaz de «ver» entre eses intervalos nubosos grandes espazos de ceo azul.

- **Nuboso a moi nuboso.** Vives a túa vida cunha alta porcentaxe de precipitacións. Miras ao ceo e, en lugar de poñer a túa esperanza nos claros que se van abrindo, deprímeste observando que a túa vida recibirá chubascos, unhas veces moderados, outras veces tormentosos.

- **Tempo desfavorable.** Desde que te levantas ata que te deitas, sintes que o vento e a chuvia azoutan fortemente a túa vida. Parece que o sol te abandonou definitivamente e que o mal tempo escolleu o teu organismo para fixar nel a súa residencia.

ACTITUDES POSIBLES

Tendo en conta «o teu estudo climatolóxico», e sabendo que na maioría das ocasións as nubes e os claros se alternan na túa vida, chega o momento de buscar solucións.

Xa sexa o tempo apacible ou desapacible, podes adoptar dúas actitudes:

	Actitude negativa	Actitude positiva
Tempo apacible	«Tumbarte á bartola» e desfrutar do sol sen que che importe en absoluto compartir «un anaco» do teu benestar coas persoas, en cuxas vidas, as inclemencias son habituais.	Desfrutar do bo tempo. Compartir o teu ceo azul con outras persoas. Permanecer alerta, de maneira que, cando o bo tempo desapareza e xurdan nubes sospeitosas, teñas recursos suficientes para facerlles fronte.



<p>Tempo desapacible</p>	<p>Refuxiarte, esconderte, esperar que o mal tempo desapareza sen facer nada por remedialo.</p>	<p>Cando o ceo encapotado e as nubes grises cubran a túa vida, o mellor é non desesperar, senón poñer todos os medios que teñas ao teu alcance para que o arco da vella apareza canto antes.</p>
--------------------------	---	--

ACTIVIDADES

O alumnado responde de maneira individual ás preguntas 1 e 2 e despois estas coméntanse de xeito global entre todos, sen dar nomes.

1. Que tempo climatolóxico predomina na túa vida: un tempo apacible, despexado, soleado... ou un variable: as nubes e os claros combínanse frecuentemente ou tal vez predomina «un tempo infernal» no que os chaparróns empapan a túa vida as 24 horas do día?

2. Fai un mapa meteorolóxico da túa vida, dos lugares e das persoas coas que convives a miúdo.

3. Indicade entre todos solucións para manter o bo tempo e cambiar na medida do posible unha situación climatolóxica pouco apacible. Sobre todo, buscade estratexias para estar preparados e combater o mal tempo cando chegue á vosa vida.

b) A árbore xenerosa

Lectura en voz alta e en grupo do seguinte relato:

“A árbore xenerosa”

Había unha vez unha árbore moi especial. Todos os días, viña a vela un rapaz, que trepaba polo seu tronco, colgábase das súas ramas, comía as súas mazás e, cando se cansaba, dormitaba á súa sombra. O rapaz quería enormemente á árbore e esta era feliz.

Un día, o rapaz achegouse á árbore e ela díxolle:

—Ven, rapaz, trepa polo meu tronco e colúmpiate nas miñas ramas, come as mazás e xoga á miña sombra. Sé feliz.



Son demasiado grande para trepar e necesito demasiado diñeiro. Podes darme un pouco?

—Síntoo—dixo a árbore—, pero non teño diñeiro. Só unhas follas e mazás. Colle o meu froito e véndeo no mercado. Entón, terás diñeiro e serás feliz.

En seguida o rapaz subiu á árbore, colleu as mazás e levounas. A árbore foi feliz e o rapaz alonxouse.

Un día, el volveu e a árbore estremeceuse de alegría. Díxolle:

—Ven, rapaz, trepa polo meu tronco e colúmpiate nas miñas ramas, come as mazás e xoga á miña sombra. Sé feliz.

—Estou demasiado ocupado —contestou o rapaz— para trepar polo teu tronco. Necesito unha casa.

—Eu non a teño —dixo a árbore—. O bosque é a miña casa. Pero ti podes cortar as miñas ramas e construír un fogar. Entón, serás feliz.

E o rapaz así o fixo. A árbore foi feliz.

Cando o rapaz regresou, a árbore non podía nin falar, embargada pola emoción:

—Vén, rapaz —balbuceou—, vén a xogar.

—Son demasiado vello para xogar. Preciso un barco que me leve moi lonxe. Pódesme dar un?

—Corta o meu tronco e fabrica un barco —dixo a árbore—. Así, poderás navegar ata praias lonxanas... e serás feliz.

E a árbore era feliz, pero non completamente, porque lle faltaba compañía. Despois de moito tempo, o rapaz volveu.

—Síntoo, rapaz, pero non me queda nada... As miñas mazás desapareceron.

—Os meus dentes son demasiado débiles para comer mazás.

—As miñas ramas desapareceron. Xa non podes columpiarte nelas.

—Son demasiado vello para columpiarme nelas.

—O meu tronco desapareceu. Xa non podes trepar.

—Estou demasiado canso para trepar.

—Síntoo —lamentouse a árbore—. Quixera darche algo, pero xa non me queda nada. Só un anaco de tronco.



—Agora preciso moi poucas cousas —dixo o rapaz—. Só un lugar tranquilo para sentar e descansar.

—Daquela —dixo a árbore endereitándose todo o que puido con grande esforzo— senta. Un vello tronco aínda serve para asento e descanso... Vén, senta.

O rapaz así o fixo e a árbore foi moi feliz.

ACTIVIDADES

1) Reflexión posterior co alumnado sobre a maneira de axudar aos demais, desprendéndonos en ocasións de algo que posuímos porque outras persoas o precisan máis. Ese acto de xenerosidade redonda na felicidade propia, aínda que vaia en contra da filosofía da sociedade actual, que suxire que, para acadar a felicidade, hai que acumular obxectos, diñeiro, experiencias...

2) Posta en común do grupo arredor da pregunta como actúo e como me di a sociedade que debo actuar para ser feliz na casa, no centro educativo, cos amigos e na comunidade.


4. 4. 3. Actividades grupais de acollida e cohesión para 3º e 4º ESO:

a) A comunicación


Con esta actividade, preténdese descubrir que a comunicación interpersonal posúe distintos niveis de profundización en función da posición dos falantes no grupo e do tema do diálogo.

Pídense catro voluntarios para levar a cabo a dinámica. Propóñense unha serie de posicións cun tema asociado. Non é necesario tratar todos os temas, pero si é preciso pasar polas catro posicións. Os rectángulos representan as cadeiras e as frechas indican a dirección cara á que teñen que mirar os membros do grupo.

Os temas poden ser outros en función do tipo de persoas que integre cada grupo. Convén tamén ir cambiando aos representantes dos mesmos paulatinamente.



TEMA:
 “A pandemia do COVID-19”



TEMA:
 “As consecuencias sanitarias e sociais da expansión do virus”



A hora de reflexionar sobre os temas planteados nos primeiros conclusións, hai que facer fincapé en que:

- Na comunicación inflúe a disposición exterior e interior dos falantes de maneira decisiva e isto pode facilitar ou dificultar dita comunicación. Afecta tamén o tema sobre o que se dialoga. Aqueles asuntos sobre os que se pode teorizar, os que non involucran directamente ao emisor, son máis fáciles de abordar; pero aportan pouco. En cambio, aqueles nos que entra en xogo a experiencia persoal son dos que podemos aprender para medrar como seres humanos.
- É preciso escoitar e respectar as opinións dos demais.

b) Decálogo das expectativas non cumpridas e das oportunidades que, como grupo, pretenden trasladar e conseguir, respectivamente, no tránsito do curso pasado ao actual.

Convídase ao alumnado a reflexionar sobre aqueles aspectos aos que tiveron que renunciar temporalmente como individuos e como grupo coa aparición do Coronavirus e sobre as aprendizaxes e alternativas que se abren agora ante eles na nova realidade.